

**Primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso na escala de arquivos do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B)**

**PROPOSTA A**

**1) No sistema feudal, cales eran as obrigas do vasalo respecto do señor?**

- a) *Honores e Consilium*
- b) *Consilium e auxilium*
- c) *Prestimonio e auxilium*
- d) *Atondo e servitium*

**2) No suposto que contén o artigo 71.1 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no caso de que o interesado requirido nas condicións a que se refire aquél, non subsane a falta no prazo correspondente:**

- a) Arquivarase sen máis trámite a solicitude de iniciación.
- b) Se terá por desistido da súa petición, logo de resolución.
- c) Se terá por desistido da súa petición, sen necesidade de ningunha resolución.
- d) Se lle reiterará o requirimento.

**3) Segundo o Consello Internacional de Arquivos, que formato é considerado como a opción ideal para a conservación de imaxes dixitais fixas dende principios da década de 1990?**

- a) JPEG
- b) RAW
- c) TIFF
- d) PDF

**4) Quen escribiu a obra *La gestión de los documentos en las organizaciones*:**

- a) Ramón Alberch Fugueres
- b) Pedro López Gómez
- c) Severiano Fernández Ramos
- d) José Ramón Cruz Mundet

**5) Sen prexuízo doutros casos, segundo a LO 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que fagan referencia ao orixe racial, á saúde e á vida sexual sólo poderán ser recabados, tratados ou cedidos cando:**

- a) Existan razóns especiais para facelo
- b) Existan razóns de interese xeral e o dispoña unha lei
- c) As Cortes o determinen por medio dunha lei orgánica
- d) Se declare o Estado de Excepción

**6) Segundo o *RD 1164/2002, de 8 de novembro, polo que se regula a conservación do patrimonio documental con valor histórico, o control e a eliminación doutros documentos da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos e a conservación de documentos administrativos en soporte distinto ao orixinal* enténdese por “valoración documental”:**

- a) O estudo e análise das características históricas, administrativas, xurídicas, fiscais e informativas da documentación.
- b) A determinación dos valores primarios e secundarios dos documentos.
- c) A análise e definición dos prazos de transferencia, conservación e acceso dos documentos.
- d) A fase do tratamento arquivístico que precede á eliminación dos documentos.

**7) Que linguaxe de marcado utiliza EAD:**

- a) RDF
- b) HTML
- c) SGML
- d) RTF

**8) Segundo o artigo 138.2 da Constitución Española, as diferenzas entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas:**

- a) Poderán implicar privilexios económicos ou sociais.
- b) Non poderán implicar privilexios sociais, pero sí económicos no suposto de que o autorizara unha lei orgánica.
- c) Non poderán implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais.
- d) Non poderán implicar privilexios económicos ou sociais, salvo que o autorice unha lei orgánica.

**9) Na Administración Xeral do Estado, segundo o artigo 16 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado, os Secretarios Xerais dun Ministerio:**

- a) Son órganos de carácter excepcional.
- b) Teñen a categoría de Director Xeral.
- c) Son nomeados por Orde Ministerial.
- d) Teñen que ser funcionarios.

**10) Cal dos seguintes autores falou da Arquivística como dunha <<ciencia en formación>>:**

- a) Stielow
- b) Arad
- c) Duff
- d) Kuhn

**11) A que está aludindo a norma ISO 15.489-1:2006 ao referirse ao feito de que un documento estea completo e non fora alterado?:**

- a) Á autenticidade
- b) Á fiabilidade
- c) Á integridade
- d) Á dispoñibilidade

**12) Cal dos seguintes elementos non é recollido de modo coincidente na Área de contido e estrutura da norma ISAD (G):**

- a) Alcance e contido
- b) Valoración e expurgo
- c) Novos Ingresos
- d) Organización

**13) A tenor do disposto no artigo 93 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, ¿quén exercerá o control interno da actividade económico-financeira da Comunidade Autónoma?**

- a) A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- b) O Parlamento de Galicia.
- c) O Consello da Xunta.
- d) O Tribunal de Contas.

**14) Cales son os catro factores fundamentais para a operación de “identificación” no**

**tratamento arquivístico:**

- a) Órgano produtor, competencia, función e actividade
- b) Órgano produtor, función, actividade e tarefa.
- c) Órgano produtor, competencia, tipo documental e data
- d) Órgano produtor, competencia, función e tipo documental

**15) Con que fin específico debe conservarse o sistema de codificación xunto cos documentos electrónicos aos que afecta dito sistema?**

- a) Para que se garanta a súa autenticidade
- b) Para asegurar a súa migración
- c) Para que sexan intelixibles
- d) Para permitir o seu encriptado

**16) Para que serviron os “xuízos de residencia”?**

- a) Para revisar a actuación dos funcionarios tras o seu cese
- b) Para xulgar aos transeuntes infractores das ordenanzas concellís
- c) Para xulgar aos membros da alta nobreza que delinquisen
- d) Para fiscalizar aos veciños que non pagasen os pechos

**17) Con que monarca naceron os correxidores?:**

- a) Fernando III
- b) Alfonso XI
- c) Enrique III
- d) Juan II

**18) Que denominación recibiu a autoridade superior administrativa da provincia no Real Decreto de 23 de outubro de 1833?:**

- a) Delegado de fomento
- b) Gobernador Civil
- c) Subdelegado principal de fomento
- d) Xefe Político

**19) Cales eran os ritos da *ordenación* do rei na orde gótica do palacio de Oviedo no século IX?:**

- a) A unción e a homenaxe
- b) A coroación e a entrega do cetro
- c) A unción e a coroación
- d) A coroación e a homenaxe

**20) Segundo a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, caberá a cesión de dereitos e obrigas derivados do contrato administrativo polo adxudicatario a un terceiro:**

- a) Sempre que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión.
- b) Sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente foran unha razón determinante da adxudicación do contrato.
- c) Sempre que o cedente teña executado, polo menos, un 10 % do importe do contrato.
- d) Sempre que, cando se trate da xestión de servizo público, se efectuara a súa explotación durante polo menos unha terceira parte do prazo de duración do contrato.

**21) Segundo o artigo 63.2 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, o defecto de forma nun acto administrativo determinará a súa anulabilidade:**

- a) En todo caso.
- b) Cando o acto lesione dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.

- c) Cando o acto dea lugar á indefensión dos interesados.
- d) Cando o acto careza de calquera requisito formal.

**22) Como se denomina, segundo o Estatuto municipal aprobado polo Decreto-Lei de 8 de marzo de 1924, obra de Calvo Sotelo, a instrumento que permite aos municipios elaborar a súa propia norma de funcionamento?:**

- a) Regulamento municipal
- b) Ordenanza municipal
- c) Directiva municipal
- d) Carta municipal

**23) Consonte ao artigo 87.3 da Constitución Española, o exercicio da iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei relativas á prerrogativa de gracia:**

- a) Esixirán non menos de 500.000 sinaturas acreditadas.
- b) Esixirán non menos de 750.000 sinaturas acreditadas.
- c) Esixirán non menos de 1.000.000 sinaturas acreditadas.
- d) En ese caso non procede tal iniciativa.

**24) Segundo artigo 113.1 da Constitución Española, para que unha moción de censura esixindo a responsabilidade política do goberno se adopte, terá que acordarse por:**

- a) Maioría simple das Cortes Xerais.
- b) Maioría absoluta do Congreso dos Diputados.
- c) Maioría absoluta das Cortes.
- d) Maioría simple do Congreso dos Diputados.

**25) Cal destas características é propia da Constitución de 1837?:**

- a) O non recoñecemento da liberdade de imprenta
- b) Recoñecía o dereito ao voto das mulleres
- c) Non establecía ningún procedemento de reforma constitucional
- d) Radicalizou o principio de división de poderes

**26) Sinale cál das seguintes funcións teñen que exercer ambas Cámaras en sesión conxunta:**

- a) Autorizar a prórroga do estado de alarma, a declaración do estado de excepción e declarar o estado de sitio.
- b) Recoñecer a inhabilitación rexia para o exercicio das súas funcións.
- c) Propoñer, para o seu nomeamento polo Rei, a catro membros do Tribunal Constitucional.
- d) Aprobar os proxectos de reforma constitucional.

**27) Que principio arquivístico determina que se respete no arquivo central a clasificación dada nas oficinas?:**

- a) O Principio de Respeto da Procendencia
- b) O Principio da Clasificación Universal
- c) O Principio de Respeto da Orde Orixinal
- d) O Principio de Clasificación Orixinaria

**28) A Constitución do Consello Internacinal de Arquivos (ICA) do ano 2007 foi aprobada en:**

- a) Toronto
- b) Quebec
- c) Montreal
- d) Camberra

**29) A película de microfilme de 35 milímetros está recomendada para a reprodución de:**

- a) Documentos ben contrastados
- b) Documentos que requiren nitidez de imaxe
- c) Documentos administrativos
- d) Documentos anapistógrafos

**30) O recoñecemento expreso da propiedade do Estado sobre os protocolos notariais foi establecido por:**

- a) A Pragmática de Alcalá de 1503.
- b) A Lei Orgánica do Notariado de 28 de maio de 1862.
- c) Decreto de 2 de xuño de 1944 sobre organización e réxime do notariado.
- d) Decreto de 2 de marzo de 1945 polo que se reorganiza a sección histórica dos arquivos de protocolos.

**31) Segundo o artigo 18 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, os dereitos da Facenda da Comunidade Autónoma:**

- a) Non poderán ser arrendados en ningún caso.
- b) Non poderán ser arrendados, agás nos casos e nas condicións previstas nas leis.
- c) Poderán ser arrendados.
- d) Poderán ser arrendados, agás nos casos nos que unha lei dispoña o contrario.

**32) De acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ¿cando procederá a revisión de prezos nun contrato da Administración Pública?**

- a) Cando o contrato se executara, polo menos, nun 5% do seu importe e transcurrira un ano dende a súa adxudicación.
- b) Cando o contrato se executara, polo menos, nun 5% do seu importe e transcurrira un ano dende a súa licitación.
- c) Cando o contrato se executara, polo menos, nun 20% do seu importe e transcurrira un ano dende a súa licitación.
- d) Cando o contrato se executara, polo menos, nun 20% do seu importe e transcurrira un ano dende a súa adxudicación.

**33) O sistema de reclutamento militar obrigatorio coñecido como “quintas” implantouse de maneira xeral para o exército en:**

- a) época de Carlos III, no ano 1767
- b) época de Carlos III, no ano 1789
- c) época de Carlos IV, no ano 1793
- d) época de Fernando VII, no ano 1823

**34) Os mosteiros cistercienses de Galicia integráronse na:**

- a) Congregación Observante de Valladolid, desde a reforma do clero regular impulsada polos Reis Católicos.
- b) Congregación Observante de Valladolid, desde a reforma do clero regular impulsada por Carlos I.
- c) Congregación da Observancia de Castela, desde a reforma do clero regular impulsada polos Reis Católicos.
- d) Congregación da Observancia de Castela desde a reforma do clero regular impulsada por Carlos I.

**35) O Protector do Voto de Santiago era:**

- a) Un xuíz laico existente en varios tribunais civís da Coroa de Castela.

- b) Un xuíz eclesiástico do Arcebispado de Santiago.
- c) Un xuíz eclesiástico da Catedral de Santiago.
- d) O representante da Orde de Santiago no Consello das Ordes.

**36) No ámbito dos arquivos eclesiásticos, según o c. 482 do Código de Dereito Canónico, o responsable da custodia das actas da curia no arquivo é o:**

- a) protonotario
- b) chanceler
- c) vicario xeral
- d) provisor

**37) Ao tenor do disposto no artigo 90.2 da Constitución Española, aprobado un proxecto de lei polo Congreso dos Diputados, ¿pode o Senado opoñer o seu veto ao mesmo?**

- a) Non, agás que unha lei o autorice.
- b) Sí, sempre que o veto sexa aprobado por maioría absoluta do Senado.
- c) Non, agás no caso de que o veto se aprobe por maioría de tres quintos do Senado.
- d) Sí, sempre que o veto sexa aprobado por maioría simple da Cámara.

**38) De acordo co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, propoñer un candidato a Presidente da Xunta correspóndelle:**

- a) Á forza política que obtivera máis votos nas eleccións.
- b) Ao Presidente do Parlamento.
- c) Á Mesa do Parlamento.
- d) A ningún dos anteriores.

**39) Segundo o artigo 48 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, sinale cál das seguintes constitúe unha causa que orixina a perda da condición de funcionario:**

- a) A renuncia expresa, que inhabilita para un novo ingreso na función pública.
- b) Non superar as probas selectivas e os cursos de selección ou formación procedentes.
- c) Non desenvolver con imparcialidade o exercicio da función pública.
- d) A separación do servizo, por resolución firme recaída en expediente disciplinario.

**40) Que formato de almacenamento escolleu o Comité Técnico N° 171 da ISO para a conservación de documentos electrónicos?**

- a) PDF
- b) TIFF
- c) MS Word
- d) RAW

**41) As “Instrucciones” para o goberno do *Archivo General de Simancas* foron aprobadas por:**

- a) Fernando, o Católico en 1509
- b) Carlos I en 1542
- c) Felipe II en 1588
- d) Felipe III en 1616

**42) En que ano se constituíu o Consello Internacional de Arquivos (ICA)?**

- a) 1919
- b) 1948
- c) 1963
- d) 1989

**43) Segundo o artigo 242 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea (versión consolidada), os recursos interpostos perante o Tribunal de Xustiza:**

- a) Terán efecto suspensivo, a non ser que o Tribunal, se estima que as circunstancias así o esixen, ordene a execución do acto impugnado.
- b) Non terán efecto suspensivo, a non ser que o Tribunal, se estima que as circunstancias así o esixen, ordene a suspensión da execución do acto impugnado.
- c) Nunca terán efecto suspensivo.
- d) Sempre terán efecto suspensivo.

**44) Segundo o artigo 7 do IV Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, a convocatoria dos concursos de traslados será realizada por:**

- a) O Conselleiro competente en materia de función pública.
- b) O Consello da Xunta.
- c) O Conselleiro do Departamento no que estén asignadas as prazas.
- d) A Comisión Paritaria da Xunta de Galicia.

**45) Segundo o artigo 37.5 da Lei 30/1992 do Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, respecto a que expedientes non se poderá exercer o dereito de acceso?:**

- a) Os relativos ás materias protexidas polo secreto comercial ou industrial.
- b) Os relativos a actuacións administrativas derivadas da política social.
- c) Os tramitados para a investigación estatística.
- d) Os regulados pola lexislación do réxime electoral.

**46) Segundo o artigo 207 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea (versión consolidada), cando o Consello actúe na súa capacidade lexislativa:**

- a) En calquera caso, se farán públicos os resultados das votacións.
- b) En calquera caso, non se farán públicos os resultados das votacións.
- c) Non se farán públicos os resultados das votacións, a non ser nos casos que expresamente contemple o Tratado.
- d) Se farán públicas as votacións, menos nos casos aos que se refire expresamente o Tratado.

**47) ¿Qué resolución do Consello da Xunta deberán adoptar a forma de Decreto, segundo o disposto no artigo 37 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia?**

- a) As que resolvan recursos en vía administrativa nos casos previstos polas leis.
- b) As que acorden a delegación de funcións nas Diputacións Provinciais.
- c) As que resolvan os conflitos de atribucións que se susciten entre as diversas Consellerías.
- d) As que acorden a interposición de recursos de inconstitucionalidade.

**48) Que escritura serviu de fundamento á Carolina?**

- a) Visigótica
- b) Nova romana
- c) Littera tona
- d) Ningunha

**49) En cal destes centros existe unha agrupación documental coñecida como “Registro del sello de Corte”**

- a) *Arquivo Histórico Nacional*
- b) *Arquivo Xeneral de Simancas*
- c) *Arquivo da Real Chancelería de Valladolid*

d) *Arquivo da Corona de Aragón*

**50) Cal ou cales destes fondos se custodian no Arquivo Histórico Universitario de Santiago de Compostela**

- a) Fondo do Concello de Santiago de Compostela
- b) Protocolos notariais dos distritos de Arzúa, Corcubión, Melide, Muros, Negreira, Noia, Ordes, Padrón e Santiago.
- c) Fondo da Universidade de Santiago de Compostela
- d) Todas son correctas

**51) O *Manual de arquivos familiares* de Olga Gallego (1993), distingue os seguintes tipos de documentos nos fondos familiares:**

- a) A. relativos á chancelaría da casa e ao seu arquivo; B. xenealóxicos e heráldicos; C. de carácter patrimonial; D. de carácter señorial; E. de individuos; F. de familias contemporáneas.
- b) A. pessoais; B. familiares; C. administrativos; D. de cargo ou oficio
- c) A. relativos á persoas; B. xenealóxicos e heráldicos; C. de carácter patrimonial; D. de carácter señorial; E. de individuos.
- d) A. administración; B. contabilidade; C. títulos; D. xenealoxía

**52) Aparte dos poderes públicos, ¿qué institucións teñen especial obriga de protexer, defender e realzar o valor cultural dos bens do Patrimonio cultural segundo os artigos 4 y 5 de la Ley 8/1995 de patrimonio cultural de Galicia?**

- a) Concellos, Deputacións e Igrexa Católica
- b) Concellos e Igrexa Católica
- c) Bibliotecas, Arquivos e Museos
- d) Concellos, Deputacións, Igrexa Católica, sindicatos, asociacións e partidos políticos.

**53) Integraban o “Real Acuerdo” da Real Audiencia de Galicia:**

- a) Alcaldes, receptores e oidores baixo a presidencia do Gobernador-Capitan Xeral ou do Rexente
- b) Oidores, alguacís baixo a presidencia do Rexente
- c) Alcaldes e oidores baixo a presidencia do Gobernador-Capitan Xeral ou do Rexente
- d) Oidores e escribáns baixo a presidencia do Gobernador-Capitán Xeral

**54) Sinale en cal das seguintes materias lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia de desenvolvemento legislativo e execución da lexislación do Estado, segundo o artigo 28 do Estatuto de Autonomía de Galicia:**

- a) Produtos farmacéuticos.
- b) Salvamento marítimo.
- c) Portos pesqueiros.
- d) Asistencia social.

**55) Que norma regulamenta a composición, funcionamento e competencias da *Comisión Superior Calificadora de Documentos Administrativos* do Estado español?**

- a) Lei 16/1985, de 25 de xuño.
- b) RD 139/2000, de 4 de febreiro.
- c) RD 553/2004, de 17 de abril.
- d) RD 1401/2007, de 29 de outubro.

**56) Cales eran as catro especies gravadas polo *servicio de millones* durante a Idade Moderna?**

- a) Viño, carne, aceite e fariña

- b) Carne, aceite, fariña e sal
- c) Carne, fariña, sal e azucre
- d) Viño, carne, aceite e vinagre

**57) Cal de estos órganos constituía a máis alta instancia xudicial de apelación na España do Antigo Réxime:**

- a) A Real Chancelería de Valladolid
- b) O Consello de Castela
- c) O Consello das Ordes
- d) O Consello de Estado

**58) Considérase como circunstancia que dá orixe ás Cortes medievais:**

- a) A redacción de ordenanzas xerais para todo o reino
- b) A incorporación dos representantes das cidades ás asambleas reais
- c) O sometemento do rei aos intereses da nobreza e o clero
- d) A aprobación de recursos fiscais para todo o reino

**59) Cal destas características é propia da Constitución de 1869?:**

- a) O sufraxio universal
- b) A flexibilidade para a súa reforma
- c) Unha breve declaración de dereitos individuais
- d) O rei non sancionaba as leis

**60) Segundo o artigo 36.2 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, a actuación da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia axústase aos seguintes principios:**

- a) Legalidade, obxectividade e servizo ao interés xeral.
- b) Publicidade, eficacia e xerarquía.
- c) Economía do gasto público, desconcentración e coordinación entre os seus órganos.
- d) Todas as respostas son correctas.

**61) Con que periodicidade mínima reunírase a Xunta Superior de Arquivos (*Junta Superior de Archivos*) do Estado español?**

- a) Anualmente
- b) Semestralmente
- c) Trimestralmente
- d) Mensualmente

**62) Segundo a Lei 16/1985, do Patrimonio Histórico Español, os arquivos de titularidade estatal e carácter nacional serán creados mediante:**

- a) Lei Orgánica
- b) Decreto-Legislativo
- c) Real Decreto
- d) Orden Ministerial

**63) Que altos funcionarios encargáronse da dirección nas provincias das averiguacións catastrais para a implantación da *Única Contribución* a mediados do s. XVIII?**

- a) Os correxidores
- b) Os gobernadores civís
- c) Os alcaldes maiores das capitais
- d) Os intendentés

**64) As Cortes da Constitución de 1812 tiñan carácter:**

- a) Unicameral

- b) Bicameral: “Congreso de los Diputados” e “Senado”
- c) Bicameral: “Cámara de los Próceres del Reino” e “Cámara de los Procuradores del Reino”
- d) Bicameral: “Cámara de los Próceres del Reino” e “Congreso de los Diputados”

**65) No ámbito do clero secular, son entidades colexiais:**

- a) Cabidos catedralicios e colexiatas
- b) Cabidos catedralicios, colexiatas, mosteiros e conventos
- c) Colexiatas, mosteiros e conventos
- d) Cabidos, parroquias e seminarios

**66) A matrícula de mar era un sistema**

- a) de identificación de embarcacións pesqueiras durante o Antigo Réxime
- b) de reclutamento de mariñeiros para a Armada española
- c) de organización das almadrabas durante o Antigo Réxime
- d) de reparto de licencias de pesca ás confrarías de pescadores durante o Antigo Réxime

**67) Que disposición regulamentou por primeira vez a obriga de recoller as escrituras por extenso nun Libro de protocolo?**

- a) Especulo de 1260.
- b) A Pragmática de 7 de xuño de 1503.
- c) Decreto de 23 de xullo de 1701
- d) A Lei do Notariado de 28 de maio de 1862.

**68) Quen debía vixiar a observancia das taxas establecidas para as cartas expedidas pola Chancelaría castelá a finais do s. XIV?**

- a) O Chanceler maior
- b) O Notario maior
- c) Os escribáns de cámara
- d) Os alcaldes maiores

**69) Cal é a procedencia da letra “Humanística”?**

- a) A letra uncial romana
- b) A letra visigótica libraria
- c) A letra carolina
- d) A letra merovinxia

**70) Cal destas características é certa respecto ás “visitas indianas”?**

- a) Producíanse cando o funcionario cesaba.
- b) Tiña carácter secreto.
- c) Había posibilidade de suplicación.
- d) Todas son correctas.

**71) Que outro nome recibiu a escritura visigótica?**

- a) Mozárabe
- b) Toldedana
- c) Hispánica
- d) Todos son correctos

**72) O Art. 78.1 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, define o Sistema de Arquivos de Galicia como:**

- a) conxunto de órganos e servizos encargados da protección, custodia enriquecementos,

- comunicación e difusión do patrimonio documental de Galicia.
- b) conxunto formado pola Rede de Arquivos de Galicia e os servizos de conservación e reprodución documental da Consellería de Cultura.
  - c) Un conxunto de órganos, centros e servizos que controle o ciclo vital dos documentos.
  - d) Todas son válidas.

**73) En que ano se estableceu o Consello de Indias?**

- a) En 1492
- b) En 1503
- c) En 1524
- d) En 1605

**74) En cal dos seguintes casos non estamos ante patrimonio documental?**

- a) Documentos administrativos de menos de cinco anos.
- b) Documentos da Igrexa católica de vinte e cinco anos.
- c) Documentos sindicais de setenta anos.
- d) Protocolos notariais actuais.

**75) Cal é o nome do tipo documental polo que o Rei reiteraba a vixencia dunha disposición dictada con anterioridade por el no século XV?**

- a) Sobrecarta
- b) Mandato
- c) Traslado
- d) Pragmática sanción

**76) Durante os primeiros tempos da guerra civil no bando franquista, a partir de setembro de 1936 o Xefe do Goberno o exercía a través da:**

- a) Xunta de Defensa Nacional
- b) Xunta técnica do Estado
- c) Xunta ministerial
- d) Xunta de arbitrios

**77) En que século desaparece a Chancelaría aragonesa?**

- a) s.XVI
- b) s.XVII
- c) s.XVIII
- d) s.XIX

**78) En que arquivo se custodia o fondo *Aperribay Pita da Veiga*?**

- a) Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
- b) Arquivo da Deputación Provincial de Ourense
- c) Arquivo do Reino de Galicia
- d) Non existe ese fondo

**79) Os fondos das contadorías de hipotecas galegas:**

- a) Foron xerados polas oficinas do mesmo nome entre 1770 e 1900 e custódiense no Arquivo do Reino de Galicia
- b) Foron xerados polas oficinas do mesmo nome entre 1862 e 1950 e custódiense nos arquivos municipais
- c) Foron xerados polas oficinas do mesmo nome entre 1768 e 1862 e custódiense no Arquivo do Reino de Galicia e nos arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra
- d) Foron xerados polos rexistros da propiedade entre 1770 e 1900 e custódiense nos

**80) Cando xurdiu a Chancelaría catalá-aragonesa?**

- a) No ano 1103
- b) Ca. 1218
- c) A finais do século XIII
- d) No ano 1312

**Preguntas de reserva**

**81) Os maxistrados do Tribunal Constitucional serán designados por un período de:**

- a) Tres anos
- b) Seis anos
- c) Nove anos
- d) Doce anos

**82) En que ano foi recoñecido xurídicamente o Arquivo Histórico Provincial de Ourense?**

- a) 1943
- b) 1956
- c) 1977
- d) 1999

**83) Como se denomina á multitude de pequenas manchas de color marrón producidas por uns microorganismos que reaccionan coas impurezas de orixe metálico do papel cando se combinan cun exceso de humidade?**

- a) *Foxing* ou moteado
- b) Petequias
- c) Pencado
- d) *Pointing* ou granulado